



**MOCIÓN SOBRE A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN PARA DIRIXIR A  
ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E  
INTEGRADO (EDUSI)  
DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **MOCIÓN**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No Pleno municipal do pasado 7 de decembro, por iniciativa deste Grupo Municipal, aprobouse por unanimidade unha moción de impulso da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible, na que se instaba ao Goberno a que “presente o documento da *“Estratexia Urbana Integrada Sostible para o Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020”* na primeira convocatoria realizada ao abeiro da orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do 13 de novembro de 2015 e que utilice todos os medios ao seu alcance para conseguir que unha estratexia potente, que abarque o maior número de obxectivos temáticos, con sinerxías entre eles, que se reforce cos vínculos da estratexia *SMARTiago* e que se apoie na participación pública.”

Para concorrer á citada convocatoria, o Goberno municipal anterior encargara en febreiro do pasado ano 2015 a redacción dun documento base para este fin, consciente da necesidade de adiantar na elaboración desta Estratexia de cara á convocatoria da Orde reguladora das axudas.

Desde o Grupo Municipal advertiamos que tendo en conta que nos primeiros días do mes de xaneiro se pechaba o prazo establecido na orde ministerial, e sendo coñecedores de que nesta primeira convocatoria tiña maior dotación económica e probablemente menor concorrencia competitiva, considerabamos que non se podía desperdiciar esta ocasión.

Por iso, instabamos a intensificar os traballos para lograr incluír a proposta de Santiago de Compostela na primeira selección destas estratexias e poder acceder así ás importantes axudas europeas destinadas a este fin, que poden acadar ata os 15 millóns de euros para cidades de máis de 50.000 habitantes, como é caso do noso Concello.

O certo é que o Goberno esgotou ao máximo o prazo dispoñible e acabou por presentar un documento que a maioría dos grupos cualificamos, de xeito bondadoso, como mellorable. Un documento que chegou á sesión plenaria de aprobación sen que se tivera clara a súa redacción final e sen que os grupos da oposición puideramos sequera presentar ningunha achega. Todas estas razóns motivaron que o documento unicamente contara no Pleno do pasado 12 de xaneiro cos votos favorables do Grupo que apoio ao Goberno en minoría.

Desde o Grupo Municipal Popular consideramos que o procedemento seguido impediu a participación dos grupos da oposición na súa elaboración final e con iso a conformación dun criterio compartido para pechar un documento que reflectira o sentir unánime da Corporación.


Conscientes das eivas que presenta o documento, da urxencia e das deficiencias na súa tramitación, que impediron a mellora dun documento decisivo para o futuro da cidade que, polo seu propio horizonte temporal de dúas décadas, debe concitar un apoio e un consenso maioritario, presentamos á consideración do Corporación Municipal a adopción do seguinte

### ACORDO

O Pleno Municipal insta ao Goberno á creación inmediata dunha Comisión para dirixir a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado de Santiago de Compostela 2015-2025, para que poida levar a cabo a súa mellor definición técnica e orzamentaria, así como a posterior concreción, avaliación e seguimento dos proxectos integrados nela.

A citada Comisión, que recibirá asistencia de polo menos de dous técnicos municipais que ela mesma elixa, estará integrada por unha representación proporcional e con voto ponderado equivalente á do Pleno e decidirá, na súa primeira xuntanza, a súa composición, así como o cargo e a responsabilidade que lle corresponde cada un dos seus compoñentes .

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2016



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela